

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER o expediente tramitado de contratación administrativa do “SERVIZO DE LIMPEZA DE LOCAIS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE OROSO” (Exp. contratación 2011/001).

E DE VER o certificado de presentación de ofertas e a actas da mesa de contratación nº 1 e nº 2 do 11/04/2011 e 25/04/2011 respectivamente, pola que se admite á licitación as empresas: “Pedrasalgada Servicios”, “Limpiezas Faro S.L”, “APC Servigalicía”, “Limpiezas Sigüeiro”, “Limpec-21”, “Limpiezas El Polígono S.L”, “Tecdeli Desinfección e limpeza S.L”, “Excamel S.L”, “Durangal S.L”, “Limpiezas Aslym S.L”.

E DE VER a acta nº 3 da mesa de contratación de data 28/04/2011 cas seguintes ofertas presentadas polos licitadores:


| Empresa | Oferta Económica | Baixa (%) | Temeraria | Excluídas da Media |
|--|------------------|-----------|-----------|--------------------|
| Limpiezas El Polígono S.L | 333,742.56 | 15,25 | Non | Non |
| Limpiezas Faro S.L | 348,509.74 | 11.50 | Non | Non |
| Limpiezas Sigüeiro S.L | 354,416.70 | 10.00 | Non | Non |
| Limpec-21 | 355,637.45 | 9.69 | Non | Non |
| Excamel S.L | 359,289.00 | 8.76 | Non | Non |
| APC Servigalicía | 361,025.51 | 8.32 | Non | Non |
| Tecdeli Desinfección y Limpieza S.L | 372,488.34 | 5.41 | Non | Non |
| Durangal S.L | 375,737.76 | 4.59 | Non | Non |
| Aslym Limpieza e Higiene Profesional S.L | 378,438.28 | 3.90 | Non | Non |
| Pedrasalgada Servicios | 385,200.00 | 2.18 | Non | Non |

E DE VER que a acta nº3 se propón adxudicar o contrato do “SERVIZO DE LIMPEZA DE LOCAIS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE OROSO” á empresa “LIMPIEZAS EL POLÍGONO S.L” por ser o licitador cuxa proposición foi máis ventaxosa de entre os licitadores admitidos á convocatoria mediante a aplicación dos criterios de valoración establecidos no prego de cláusulas que rexe o contrato e anexo ao prego aprobado por Resolución de Alcaldía de data 22/02/2011.

E DE VER que a empresa “LIMPIEZAS EL POLÍGONO S.L” presentou correctamente a documentación requirida consonte ao artigo 135.2 da Lei 30/2007, de contratos do Sector Público adaptada á lei 34/2010

De conformidade co establecido no artigo 135 da Lei de Contratos do Sector Público adaptada á lei 34/2010, e no uso das facultades que me confire ao artigo 185.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e a Disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, con esta data **RESOLVO:**

Primeiro.- Adxudicarlle o contrato do “SERVIZO DE LIMPEZA DE LOCAIS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE OROSO” á empresa “LIMPIEZAS EL POLÍGONO S.L” por ser o licitador que obtivo a maior puntuación e resultar a proposición máis ventaxosa de entre os licitadores admitidos á convocatoria mediante a aplicación dos criterios de valoración establecidos no prego de cláusulas que



rexe o contrato e anexo ao prego aprobado por Resolución de Alcaldía de data 22/02/2011, polo prezo de 333.742,56 euros mais 60.073,66 euros de IVE o que fai un total de 393.816,22 euros

Segundo.-Comprometer o gasto por importe e con cargo ás partidas seguintes do vixente orzamento municipal:

| LOTES | PARTIDA | ANO 2011 |
|-------------|------------|-----------|
| 10, 13 | 342.227.00 | 11.877,55 |
| 1,2,3,4,5,6 | 321.227.00 | 22.113,60 |
| 8,9,12 | 339.227.00 | 11.764,55 |
| 11 | 151.227.00 | 1.735,66 |
| 7 | 920.227.00 | 1.735,66 |

Terceiro.- Proceder á publicación deste acordo no perfil do contratante e notificarlles o presente acordo aos demais licitadores e ao adxudicatario para proceder á formalización do contrato no prazo de quince días hábiles a contar desde o seguinte ao da notificación desta Resolución, así como aos demais licitadores coa indicación dos recursos que procedan.

Oroso, 24 de maio de 2011

O alcalde

Manuel Mirás Franqueira



Ante min. secretario

Dalmiro Nuñez Méndez

